

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 25 de agosto de 2025, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se efectúan o nomeamento como persoal estatutario fixo e a adxudicación de destino definitivo das persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocado pola Resolución do 11 de maio de 2023.

Mediante a Resolución desta dirección xeral do 11 de maio de 2023 (DOG núm. 98, do 25 de maio) realizouse a convocatoria do proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal estatutario fixo en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área. Este proceso selectivo foi convocado en execución da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Servizo Galego de Saúde.

Así mesmo, nas resolucións desta dirección xeral do 29 de febreiro de 2024 (DOG núm. 55, do 18 de marzo) e do 17 de abril de 2024 (DOG núm. 80, do 23 de abril) publicáronse o nomeamento como persoal estatutario fixo e a adxudicación de destino definitivo das persoas aspirantes seleccionadas neste proceso selectivo.

A base 10.3 da resolución da convocatoria establece que «a non incorporación ao servizo activo no destino adxudicado e no prazo establecido sen causa xustificada, sobrevida á solicitude de participación no concurso, ou de forza maior, impedirá a perfección do nomeamento e a adquisición da condición de persoal estatutario fixo do/da aspirante, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións no proceso. Neste suposto, o órgano convocante seleccionará e nomeará novos/as aspirantes, no número que corresponda e pola orde de prelación que resulte da lista definitiva da categoría/especialidade entre aquelas persoas aspirantes que teñan elixidos os destinos non adxudicados, con independencia da quenda de acceso do/da aspirante que non se incorporou ao servizo activo».

Realizado o proceso de elección de destino en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, logo das resolucións de nomeamento do 29 febreiro e



do 17 de abril de 2024, ao resultaren prazas vacantes e ao abeiro da Resolución do 11 de maio de 2023, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Coa finalidade de asegurar a cobertura das prazas convocadas neste proceso selectivo, e segundo o establecido na base 10.3 da resolución de convocatoria, realizouse a oferta das prazas que resultaron vacantes na categoría de facultativo/a especialista de área, nas especialidades de alergoloxía, análises clínicas, anestesioloxía e reanimación, cirurxía ortopédica e traumatoloxía, cirurxía xeral e do aparello dixestivo, medicina interna, obstetricia e xinecoloxía, pediatría e as súas áreas específicas, psicoloxía clínica, psiquiatría e radiodiagnóstico, ás persoas aspirantes incluídas inmediatamente a continuación pola orde de prelación que resultou da lista definitiva, con independencia da quenda de acceso.

De acordo coa convocatoria, quedaron sen efecto todas as actuacións das persoas aspirantes seleccionadas que, no prazo e conforme o procedemento establecido, non seleccionaron os destinos que se ofertaron pola orde de prelación que consideraron e non resultaron adxudicatarias de ningún destino, polo que optaron ou renunciaron á dita elección.

Tamén se recolle na base novena que as persoas aspirantes que, dentro do prazo fixado, non presenten a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos para participar neste proceso selectivo non poderán ser nomeadas persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

As actuacións destas persoas aspirantes no concurso quedan anuladas e decaen en todos os dereitos derivados da súa participación.

Segundo. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde nas diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área as persoas aspirantes que se inclúen no anexo I desta resolución.

Adxudicarlles a estas persoas aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza que figura no referido anexo I.

Terceiro. Declarar finalizado o proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocado pola Resolución do 11 de maio de 2023.



Cuarto. Este concurso de méritos tramitouse en execución da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario, e a dita lei, como figura na súa parte expositiva, inclúe no seu artigo 2 unhas garantías para que o persoal seleccionado «se incorpore e permaneza varios anos no desempeño efectivo dos postos adxudicados».

Polo tanto, en cumprimento do que dispón ese artigo 2 e a convocatoria deste concurso de méritos:

a) Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse de modo efectivo e permanente ao servizo activo no destino elixido e adxudicado.

A falta de incorporación ao destino nesas condicións e prazo, sen causa xustificada, sobrevida á solicitude de participación no concurso, ou de forza maior, impedirá a perfección do nomeamento e a adquisición da condición de persoal estatutario fixo do/da aspirante, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións no proceso.

b) Posteriormente, poderán participar nos concursos de traslados na correspondente especialidade da categoría de facultativo/a especialista de área, ou nos sistemas de promoción interna ou provisión de prazas doutra categoría, cando cumbran os requisitos comúns deses procedementos e acrediten dous anos de permanencia na situación de servizo activo no centro elixido e adxudicado como destino nesta resolución.

Aquelas persoas aspirantes que tomen posesión como facultativo especialista de área na especialidade correspondente serán excluídas dos procesos de selección temporal en que estean inscritas no Servizo Galego de Saúde.

Quinto. Tras a oferta das prazas nas diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área relacionadas nesta resolución que resultaron vacantes logo da Resolución de nomeamento do 29 febreiro e do 17 de abril de 2024, queda sen cubrir, tras a finalización deste proceso, a seguinte que se relaciona:

Categoría/especialidade	Centro directivo	Centro	Localidade	Nº prazas
Facultativo/a especialista en oftalmoloxía	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público do Barco de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	1



Sexto. De conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, as persoas aspirantes seleccionadas deberán realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo no *Diario Oficial de Galicia*, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero que recolle o artigo 157 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Non terán que realizar esta actividade formativa as persoas aspirantes seleccionadas que a realizasen con anterioridade, se consta rexistrada en Fides/expedient-e e foi debidamente validada.

Sétimo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante esta dirección, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2025

A directora xeral de Recursos Humanos
P.D. (Acordo do 29.7.2025)
Begoña Caamaño del Castillo
Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais





ANEXO I
Relación definitiva de adxudicatarios/as e destinos

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
Facultativo/a especialista en alergoloxía					
***5808**	GIANGRANDE, NICOLA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
Facultativo/a especialista en análises clínicos					
***5069**	PEREZ CASTRO, ANDREA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
***9343**	YAÑEZ FERNANDEZ, MARIA JOSE	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
Facultativo/a especialista en anesthesioloxía e reanimación					
***8899**	DEL RIO REGUEIRA, SARA	A.S. da Coruña e Cee	Hospital Público Virxe da Xunqueira	Cee	-
***1097**	RODRIGUEZ SANCHEZ-CABEZUDO, BELEN	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
Facultativo/a especialista en cirurxía ortopédica e traumatoloxía					
***0843**	FERNANDEZ POSE, SABELA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
***9991**	GARCIA PIÑEIRO, JAVIER	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
Facultativo/a especialista en cirurxía xeral e aparello dixestivo					
***5729**	COSTAS FERNANDEZ, VERONICA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Verín	Verín	-
Facultativo/a especialista en medicina interna					
***9039**	ALENDE CASTRO, VANESA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Hospital Público do Salnés	Vilagarcía de Arousa	-
***4676**	GONZALEZ NOYA, AMARA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
***4696**	GONZALEZ VIGO, VERONICA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
***9135**	PEREZ GARCIA, CRISTINA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Hospital Público do Salnés	Vilagarcía de Arousa	-
***4809**	REY GONZALEZ, LARA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
***7413**	VALCARCE GONZALEZ, ZELTIA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***7015**	VELO GARCIA, ALBA	A.S. Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital público de Verín	Verín	-
Facultativo/a especialista en obstetricia e xinecoloxía					
***3862**	LAIÑO CALO, EVA MARIA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***5834**	MENDEZ MIGUEZ, IRIA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	-



DNI	Apellidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
Facultativo/a especialista en pediatría e as súas áreas específicas					
***5575**	GONZALEZ FREIRIA, NATALIA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Hospital Público do Salnés	Vilagarcía de Arousa	-
***5921**	SOTOMAYOR GALLEGOS, CHRISTIAN SALOMON	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Verín	Verín	-
Facultativo/a especialista en psicoloxía clínica					
***8263**	LOPEZ NOCHE, MARGARITA MARIA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
Facultativo/a especialista en psiquiatría					
***7037**	CEREIJO VAZQUEZ, SOFIA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***7976**	GRANDE GONZALEZ, RAQUEL	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***6386**	LOPEZ DE CASTRO BARRIOS, PAULA BEATRIZ	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***0076**	MERCADER CARRION, VICTORIA EUGENIA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
***4012**	MUÑOZ RODRIGUEZ, KARINA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***2343**	PORTES CRUZ, JOSE MARIA	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***7120**	RODRIGUEZ RAMOS, SANDRA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
Facultativo/a especialista en radiodiagnóstico					
***7286**	AFONSO CENTENO, ANA MARIA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Hospital Público do Salnés	Vilagarcía de Arousa	-
***6422**	ARROJO ALONSO, PABLO	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	-
***5896**	GOMEZ CACERES, PABLO	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Hospital Público do Salnés	Vilagarcía de Arousa	-
***8515**	VIDAL FILGUEIRA, FATIMA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Hospital Público do Salnés	Vilagarcía de Arousa	-

(*) Ocultase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.